

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

EXTRACTO da Orde do 10 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2024 nas universidades do Sistema universitario de Galicia (código de procedemento ED415A).

BDNS (Identif.): 810681.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Estudantes que remataron brillantemente os seus estudos universitarios conducentes a unha titulación oficial de grao no curso académico 2023/24 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma para o alumnado do Sistema universitario de Galicia que rematou os seus estudos universitarios conducentes a unha titulación oficial de grao no curso académico 2023/24.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía dos premios*

O importe global previsto na orde é de 413.000,00 €.

Cada premio terá unha dotación máxima de 3.500 € e un diploma acreditativo.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,

Ciencia, Universidades e Formación Profesional

